



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 499  
5 de xullo de 2019



CSV: BOPGDSPG6HM19wRdR7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

##### Aprobación sen modificacións

###### I 51757 (10/PNC-004139)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa construción dunha nova subestación eléctrica para a conexión do polígono industrial de Balaídos, en Vigo, á rede de transporte de 220 quilovolts [165784](#)

##### Rexeitamento da iniciativa

###### I 47987 (10/PNC-003880)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a protección do comercio tradicional de Galicia [165784](#)

#### COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

##### Aprobación sen modificacións

###### I 44499 (10/PNC-003570)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre a realización de xestións por parte do Goberno galego diante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en relación coa necesidade de protexer o sector produtor alimentario mediante a modificación da Lei da cadea alimentaria [165785](#)

##### Rexeitamento da iniciativa

###### I 47728 (10/PNC-003858)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas a esta na poboación do xabaril en Galicia [165785](#)



**I 51439 (10/PNC-004114)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central e á Federación Galega de Municipios e Provincias en relación co uso de herbicidas derivados do glifosato [165785](#)

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

Resolución da Presidencia, do 4 de xullo de 2019, pola que se admiten a trámite os escritos dos portavoces dos grupos parlamentarios Mixto e de En Marea polos que designan as deputadas e deputados que formarán parte de diversas comisións parlamentarias e da Deputación Permanente (docs. núms. 52242 e 52248) [165786](#)

#### **2.2.9. Composición dos grupos parlamentarios**

Acordo da Mesa do Parlamento, do 2 de xullo de 2019, polo que se toma coñecemento do escrito do G. P. Mixto polo que se comunica a designación de vicevoceira e vicevoceiro [165789](#)

## **4. Informacións e correccións de erros**

### **4.2. Correccións de erros**

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 498, do 4 de xullo, da Resolución da Presidencia, do 3 de xuño de 2019, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a ingresar en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D) [165789](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 4 de xullo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### Aprobación sen modificacións

- 51757 (10/PNC-004139)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa construción dunha nova subestación eléctrica para a conexión do polígono industrial de Balaídos, en Vigo, á rede de transporte de 220 quilovolts  
BOPG nº 493, do 26.06.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica para que cumpra coa planificación vixente 2015-2020 de Rede Eléctrica de España, sometida ao Congreso dos Deputados a aprobada por Acordo do Consello de Ministros do anterior Goberno de Mariano Rajoy, levando a cabo todas as medidas necesarias para desbloquear este investimento e iniciar a construción dunha nova subestación para atender a demanda industrial de Balaídos e conectar Vigo á rede de transporte de 220 kilovolts, facilitando unha subministración eléctrica moderna con capacidade de ofrecer estabilidade ao servizo e un abaratamento da factura eléctrica, tal e como estaba previsto.»

#### Rexeitamento da iniciativa

- 47987 (10/PNC-003880)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a protección do comercio tradicional de Galicia

BOPG nº 450, do 27.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



**COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 4 de xullo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

**Aprobación sen modificacións**

- 44499 (10/PNC-003570)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre a realización de xestións por parte do Goberno galego diante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en relación coa necesidade de protexer o sector produtor alimentario mediante a modificación da Lei da cadea alimentaria

BOPG nº 422, do 30.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a necesidade de protexer o sector produtor alimentario coa oportuna modificación da Lei da cadea alimentaria, tal e como demandou o dito sector.»

**Rexeitamento da iniciativa**

- 47728 (10/PNC-003858)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas a esta na poboación do xabaril en Galicia

BOPG nº 446, do 21.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 51439 (10/PNC-004114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central e á Federación Galega de Municipios e Provincias en relación co uso de herbicidas derivados do glifosato

BOPG nº 489, do 19.06.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

**Resolución da Presidencia, do 4 de xullo de 2019, pola que se admiten a trámite os escritos dos portavoces dos grupos parlamentarios Mixto e de En Marea polos que designan as deputadas e deputados que formarán parte de diversas comisións parlamentarias e da Deputación Permanente (docs. núms. 52242 e 52248)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tiveron entrada, cos números 52242 e 52248, os escritos dos portavoces dos grupos parlamentarios Mixto e de En Marea polos que designan as deputadas e os deputados que formarán parte das diversas comisións parlamentarias e da Deputación Permanente.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Tomar coñecemento das designacións nas seguintes comisións parlamentarias:

- Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior
  - Luis Villares Naveira (G. P. Mixto)
  - Carmen Santos Queiruga (G. P. de En Marea)
  
- Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos
  - David Rodríguez Estévez (G. P. Mixto)
  - Antón Sánchez García (G. P. de En Marea)
  
- Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
  - Francisco Casal Vidal (G. P. Mixto)
  - Julia Torregrosa Sañudo (G. P. de En Marea)
  
- Comisión 4ª, Educación e Cultura
  - Paula Vázquez Verao (G. P. Mixto)
  - Luca Chao Pérez (G. P. de En Marea)
  
- Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
  - Paula Vázquez Verao (G. P. Mixto)
  - Eva Solla Fernández (G. P. de En Marea)
  
- Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
  - Francisco Casal Vidal (G. P. Mixto)
  - Luca Chao Pérez (G. P. de En Marea)



- Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes  
David Rodríguez Estévez (G. P. Mixto)  
Marcos Cal Ogando (G. P. de En Marea)
  
- Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo  
Francisco Casal Vidal (G. P. Mixto)  
Paula Quinteiro Araujo (G. P. de En Marea)
  
- Comisión do Regulamento  
Luis Villares Naveira (G. P. Mixto)  
Paula Quinteiro Araujo (G. P. de En Marea)
  
- Comisión do Estatuto dos Deputados  
David Rodríguez Estévez (G. P. Mixto)  
Marcos Cal Ogando (G. P. de En Marea)
  
- Comisión de Peticións  
Luis Villares Naveira (G. P. Mixto)  
Carmen Santos Queiruga (G. P. de En Marea)
  
- Comisión Permanente non lexislativa Control da Corporación da RTVG  
Paula Vázquez Verao (G. P. Mixto)  
Ánxeles Cuña Bóveda (G. P. de En Marea)
  
- Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas  
Francisco Casal Vidal (G. P. Mixto)  
Manuel Lago Peñas (G. P. de En Marea)
  
- Comisión non Permanente de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financieira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar so traballos realizados na IX Lexislatura  
  
Luís Villares Naveira (G. P. Mixto)  
Antón Sánchez García (G. P. de En Marea)
  
- Comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse  
  
Luís Villares Naveira (G. P. Mixto)  
Carmen Santos Queiruga (G. P. de En Marea)
  
- Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de



medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada

Paula Vázquez Verao (G. P. Mixto)  
Eva Solla Fernández (G. P. de En Marea)

— Comisión non Permanente de estudo para a seguridade viaria en Galicia

Luís Villares Naveira (G. P. Mixto)  
David Rodríguez Estévez (G. P. Mixto)  
Marcos Cal Ogando (G. P. de En Marea)  
Julia Torregrosa Sañudo (G. P. de En Marea)

— Comisión non Permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

Paula Vázquez Verao (G. P. Mixto)  
Luis Villares Naveira (G. P. Mixto)  
Paula Quinteiro Araujo (G. P. de En Marea)  
Marcos Cal Ogando (G. P. de En Marea)

— Comisión non Permanente para o seguimento das políticas relativa á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade

Paula Vázquez Verao (G. P. Mixto)  
Francisco Casal Vidal (G. P. Mixto)  
Carmen Santos Queiruga (G. P. de En Marea)  
Paula Quinteiro Araujo (G. P. de En Marea)

— Deputación Permanente

Titulares: Luís Villares Naveira (G. P. Mixto)  
Antón Sánchez García (G. P. de En Marea)  
Ánxeles Cuña Bóveda (G. P. de En Marea)  
Carmen Santos Queiruga (G. P. de En Marea)

Suplentes: David Rodríguez Estévez (G. P. Mixto)  
Marcos Cal Ogando (G. P. de En Marea)  
Luca Chao Pérez (G. P. de En Marea)  
Manuel Lago Peñas (G. P. de En Marea)

2º. Comunicar este acordo aos portavoces dos grupos parlamentarios, ás presidentas e presidentes de Comisión, ao Servizo de Asistencia Parlamentaria e á Dirección de Intervención e Asuntos Económicos.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

4º. Publicar este acordo no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





## 2.2.9. Composición dos grupos parlamentarios

### **Acordo da Mesa do Parlamento, do 2 de xullo de 2019, polo que se toma coñecemento do escrito do G. P. Mixto polo que se comunica a designación de vicevoceira e vicevoceiro**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 2 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Escrito do G. P. Mixto polo que se comunica a designación de vicevoceira e vicevoceiro (docs. núms. 51994 e 52028)

Por acordo da Mesa da Cámara do 28 de xuño de 2019 tomouse coñecemento da designación de voceiro do Grupo Parlamentario Mixto, que recaeu no deputado don Luís Villares Naveira (doc. núm. 51994 e corrección de erros no doc. núm. 52028) e trasladouse para audiencia da Xunta de Portavoces a designación da viceportavoz e do viceportavoz efectuada neses mesmos escritos.

Tendo en conta o pronunciamento favorable da Xunta de Portavoces do 2 de xullo de 2019, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento da designación de vicevoceira 1ª e vicevoceiro 2º do Grupo Parlamentario Mixto, que recaeu na deputada o no deputado seguintes:

Vicevoceira 1ª: dona Paula Vázquez Verao  
Vicevoceiro 2º: don Francisco Casal Vidal

2º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Asistencia Xeral.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019  
Diego Calvo Pouso  
Vicepresidente 1º

## 4. Informacións e correccións de erros


### 4.2. Correccións de erros

**Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 498, do 4 de xullo, da Resolución da Presidencia, do 3 de xuño de 2019, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a ingresar en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D)**

Advertido un erro material na devandita publicación, cómpre a súa corrección no seguinte sentido: Nas páxinas 165755 e 165762, no sumario da disposición, onde di «Resolución da Presidencia, do 3 de xuño de 2019,...» debe dicir «Resolución da Presidencia, do 3 de xullo de 2019,...».

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2019  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado oficial maior





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

